



MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE ESO

DEPARTAMENTO DE TECNOLOXÍA

A publicación da *ORDE do 27 de decembro de 2022 na que se modifica a orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 202-23*, supón a modificación do calendario e, en consecuencia, a modificación da programación didáctica prevista para o curso 2022/23 por este departamento.

Esta modificación afecta aos criterios de cualificación e de recuperación, quedando para cada curso e materia do seguinte xeito:

TECNOLOXÍA ESO

No referente á **ponderación** dos diferentes instrumentos de avaliación de cara á cualificación da materia seguirase de xeito global e orientativo os seguintes criterios:

- Probas escritas: 60 % (a nota desta parte calcularase facendo a media de todas as probas feitas).
- Proxecto, memoria e seguimento das tarefas no taller: 30 %
- Seguimento das producións dos alumnos e participación na aula: 10 %

No caso no que nunha avaliación non se avalíase a realización de proxecto construtivo, a ponderación sería:

- Probas escritas: 70 %
- Seguimento das producións dos alumnos e participación na aula: 30 %

No caso de non facer probas escritas, a ponderación será:

- Proxecto, memoria e seguimento das tarefas do taller: 40%
- Seguimento das producións dos alumnos e participación na aula: 60%

Para calcular a cualificación definitiva da avaliación ordinaria farase unha media das tres avaliacións.

En caso de non ter acadados os contidos mínimos da materia ao longo das tres avaliacións parciais, o alumnado realizará un exame de recuperación das partes non superadas, cos contidos das unidades correspondentes a esas avaliacións.

Para calcular a cualificación definitiva da avaliación ordinaria dos alumnos que teñan que facer algunha recuperación, farase unha media das tres avaliacións, tendo en conta que se a nota acadada na recuperación é inferior terase en conta a nota anterior.

Para facer o redondeo da nota, considerarase que si a parte decimal supera o 0,75, redondearase hacia arriba e se e menor de 0,75 hacia abaixo.



PROGRAMACIÓN 2º ESO

No referente á ponderación dos diferentes instrumentos de avaliación de cara á cualificación final da materia seguirase de xeito global e orientativo os seguintes criterios:

- as probas que se propoñan (50%) (a nota desta parte calcularase facendo a media de todas as probas feitas.
- os exercicios que se vaian realizando diariamente (40%)
- a predisposición ao traballo e participación na aula (10%).

No caso de non realizar ningunha proba teranse en conta: os exercicios que se vaian realizando diariamente (80%), a predisposición ao traballo e participación na aula (20%)

Para calcular a cualificación definitiva da avaliación ordinaria farase unha media das tres avaliacións.

Para facer o redondeo da nota, considerarase que si a parte decimal supera o 0,75, redondearase hacia arriba e se e menor de 0,75 hacia abaixo.

TECNOLOXÍAS DA INFORAMCIÓN E DA COMUNICACIÓN 4º ESO

No referente á ponderación dos diferentes instrumentos de avaliación de cara á cualificación final da materia seguirase de xeito global e orientativo os seguintes criterios:

- as probas que se propoñan (50%), (a nota desta parte calcularase facendo a media de todas as probas feitas).
- os exercicios que se vaian realizando diariamente (40%)
- a predisposición ao traballo e participación na aula (10%).

No caso de non realizar ningunha proba teranse en conta:

- os exercicios que se vaian realizando diariamente (80%)
- a predisposición ao traballo e participación na aula (20%)

No caso de que se comprobase que algún alumno/a nalgunha proba obxectiva ou práctica para entregar, non foi el quen realizou a proba, que empregou medios non permitidos para realizala ou plaxiou probas doutros compañeiros, esta proba quedará eliminada e valorada cun cero.

Para calcular a cualificación definitiva da avaliación ordinaria farase unha media das tres avaliacións.

Para facer o redondeo da nota, considerarase que si a parte decimal supera o 0,75, redondearase hacia arriba e se e menor de 0,75 hacia abaixo.

En Ferrol, a 6 de Febreiro de 2023

Asdo.: María José López López

Xefa do departamento de Tecnoloxía